

## INFORME DOS SERVIZOS XURÍDICOS SOBRE A PROPOSICIÓN DE LEI, DE INICIATIVA POPULAR, DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN

Requíreselles aos Servizos Xurídicos para que emitan informe verbo de se a Proposición de lei, de iniciativa popular, de montes veciñais en man común (doc. R.E. núm. 27854, do 14 de xaneiro de 2022), cumpre os requisitos materiais e formais legalmente esixidos para ser admitida a trámite e, en concreto, o disposto na Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia.

A proposición de lei ten por finalidade *«reforzar o carácter de propiedade de tipo xermánico dos montes veciñais en man común, de afondar na xestión democrática e asemblearia das comunidades de montes e de acadar un monte multifuncional e sustentable ao servizo da veciñanza comuneira e da sociedade galega no seu conxunto»*.

Tendo en conta que:

a) A súa regulación afecta á materia relativa ao *réxime xurídico dos montes veciñais en man común*, verbo da que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva (art. 27.11 do EAG), pero non ao desenvolvemento básico do Estatuto de autonomía de Galicia nin ao réxime xurídico tributario e orzamentario (art. 3 da Lei 7/2015).

b) O escrito de solicitude de admisión da proposición de lei de iniciativa popular preséntase por doce persoas que constitúen a comisión promotora, que figuran identificadas polos seus nomes, apelidos e enderezo.

c) A solicitude vai acompañada dunha exposición de razóns que aconselle a aprobación da proposición de lei [art. 4 b) da Lei 7/2015].

d) Achégase unha declaración escrita por parte de todas e cada unha das persoas que integran a comisión promotora, coa súa sinatura persoal, de non estaren incursas nas causas de inelixibilidade ou incompatibilidade aplicables nas eleccións ao Parlamento de Galicia, é dicir, as previstas nos artigos 4 e 6 da Lei autonómica 8/1985, do 13 de agosto (art. 5 da Lei 7/2015).

e) Achéganse as certificacións das correspondentes delegacións provinciais da Oficina do Censo Electoral acreditativas da veciñanza administrativa e inscrición no censo electoral da Comunidade Autónoma de Galicia das doce persoas promotoras (art. 5 da Lei 7/2015).

Logo de examinado o expediente e dado que se reúnen os requisitos mínimos materiais e formais esixidos na citada lei, emítase un INFORME FAVORABLE á súa admisión a trámite.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Polos Servizos Xurídicos



PARLAMENTO  
DE GALICIA